

***ROTEIRO SOBRE ALGÚNS CRUCEIROS E CRISTOS DO
MUNICIPIO DE A PASTORIZA (LUGO)***

AUTORES:

FERNANDO ARRIBAS ARIAS,

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO

MARIO SAAVEDRA PÉREZ.

I. ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DO MUNICIPIO DE A PASTORIZA.

A Pastoriza é un municipio lucense, que se encontra situado no extremo nororiental da Comarca da Terra Chá ¹. Posúe unha superficie de 175 km². Limita ao Norte cos municipios de Abadín, Mondoñedo e Riotorto; ao Oeste (W), cos municipios de Abadín, Cospeito e Castro de Rei; ao Sur, cos municipio de Castro de Rei e Pol; e ao Leste, cos de Riotorto e Meira. As súas coordenadas xeográficas son: 43° 18' 01'' N / 7° 21' 04'' O // 43.300414 / -7.351228 //.

A nivel xeomorfolóxico, hai unha clara contraposición entre o o centro e o sur do territorio, dominados pola planicie chairega, e o norte onde fan presenza os cordais montañosos (Cordal de Neda-798 m.) ²

Pola súa situación xeográfica, posúe un clima oceánico. Non obstante, podemos atribuírlle tamén un certo grao de continentalidade polas súas temperaturas e precipitacións, xa que ten unha temperatura media anual de 11,5° C, e as súas precipitacións soben a 1176 mm. anuais ³.

A nivel humano, a súa poboación caracterizouse por unha perda débil do seu número na primeira metade do século XX. Non obstante, dende o ano 1950 ata comezos deste século a perda de habitantes foi acusada, pasando de 6848 hab., no ano 1950 a 3856 no 2004. A principal causa deste acusado descenso foi a emigración ao exterior ⁴. Na actualidade, segundo o I.G.E. (Instituto Galego de Estatística) do ano 2023, hai unha poboación de 2810 habitantes, que forman parte de 182 entidades de poboación distribuídas en 19 parroquias⁵. As dúas entidades de poboación máis importantes son A Pastoriza, que é a

¹ É unha comarca galega situada na zona norte e interior da provincia de Lugo. A máis extensa de Galiza con 1822,75 km². Segundo o I.G.E. do ano 2014 tiña 42.336 habitantes. A ela pertencen os concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, e Xermade, sendo a súa capital Vilalba. O poeta Manuel María adicoulle á comarca o poemario *Terra Chá*, onde fala das súas terras e as súas xentes.

² Equipo Ir Indo: GÚZMAN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTE CARBALLADA, Ángel e outros. *Galicia en Comarcas. Terra Chá e Meira*. Vigo: Ir Indo. La Voz de Galicia, 2005, páx. 125.

³ VÁZQUEZ CERNADAS, María del Carmen.: “A Pastoriza”, en *Galicia, pueblo a pueblo*. Xunta de Galicia. La Voz de Galicia, 1993, paxs. 1005-1008.

⁴ Cidades do ámbito provincial, galaico, estatal e mesmo de fora de España.

⁵ A Aguarda (San Martiño); Alvare (Santa María); Baltar (San Pedro Fiz); Bretoña (Santa María); Cadavedo (San Bartolomeu); Crecente (O Salvador); Fomíná (O Salvador); Gueimonde (San Mamede); Lagoa (San Xoán); Loboso (Santo André); Pastoriza (O Salvador); Pousada (Santa Catarina); A Regueira (San Vicente); Reigosa (Santiago); Saldanxe (San Miguel); San Cosme de Piñeiro (San Cosme); San Martiño de Corvelle (San Martiño); Ubada (San Xoán); Vián (Santa María).

capital municipal, e Bretoña. Hoxe téndese a un avellentamento da poboación; ademais, as taxas de natalidade sitúanse por debaixo das de mortalidade.

Dende unha perspectiva económica, o sector agropecuario é a base económica do municipio, xa que máis do 60% da poboación activa traballa neste sector. Cómpre distinguir no intre actual a gandería bovina, proxectada á produción láctea e cárnica. Ademais, é mester facer mención ás explotacións de recría de xovencas, así como aos sistemas de estabulación libre para o equino. Con respecto á industria, hai que aludir ás industrias extractivas propias da explotación dos recursos naturais da zona; tamén, ás de fabricación de materiais de construción (ladrillos, lousas...).


Por outra banda, este municipio está aberto ao exterior por unha serie de estradas: A estrada nacional 640 Vegadeo-Pontevedra e, tamén, a estrada comarcal Vilalba-Meira. Ambas as dúas atravesan a parte sur do territorio. Ademais, a estrada LU-122 de Paraxes ata a Cruz da Cancela pasa polo municipio en dirección Norte-Sur.

A nivel histórico, cómpre sinalar que houbo diferentes comunidades de carácter primitivo, reflectidas nos vestixios arqueolóxicos do Sitio das Covas (Crecente); castros de Baltar e Saldanxe; castro de Fomiñá; alto do Castro (Vían); as Croas (Reigosa); forno dos Mouros (Guizán) etc. O documento máis antigo foi o “Parroquial Suevo” composto entre os anos 572 e 589, onde se nos fala da cristiandade britoniense, formada por núcleos de poboación procedentes das Illes Británicas. A invasión musulmá motivou unha fuxida dos superviventes a San Martiño de Mondoñedo e, logo, a Oviedo onde Alfonso II estableceu a sé episcopal. Nos séculos seguintes gran parte de Bretoña (actual Pastoriza), foi propiedade do cabido mindoniense; dos mosteiros de Meira e Lourenzá; e do Conde de Lemos. Logo, no ano 1821, creouse en Vían o concello, para logo pasar á súa actual ubicación no ano 1840, con motivo da reorganización do mapa provincial lucense, dependendo do partido xudicial de Mondoñedo ⁶.

⁶ EQUIPO “IR INDO”. *Ob. cit.*, pax. 129.

II. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO MUNICIPIO DE A PASTORIZA.

LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO CONCELLO DA PASTORIZA



III. CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DO MUNICIPIO DE A PASTORIZA.

1. INTRODUCCIÓN.

Ao realizar o traballo de campo, démonos de conta como os habitantes deste municipio discernían entre Cruceiro e Cristo. Así, a designación de Cristo facía alusión a un tipo de cruceiro de menor tamaño, que posuía un fuste e un capitel –cando o amosaban– menos elaborado; ademais, mostraba unha efixie cristolóxica, que era o trazo diferenciador con respecto ás cruces. Estes Cristos poden ser de tres tipos:

- * Os que semellan rústicos cruceiros (como o de Amorás, Froilán, etc.).
- * Os que non amosan fuste nin capitel (como o da igrexa, do cemiterio, do Chivadoiro, etc.).
- * Os que están situados baixo unha cuberta (como o de Afoz e D. Diego). Por outra banda, hai Cristos: Foxo, Caaveira, Arandal, Romeiro, Centro de Saúde, Alto das Fontelas, Antigas... que mostras peculiaridades moi parecidas; así, teñen unha base troncopiramidal; o fuste e o capitel son dunha soa peza; e unha efixie de Cristo. Isto posibilita establecer a suposición que foron realizados polo mesmo construtor ou que un deles puido servir de arquetipo para os demais.


En canto aos cruceiros, cómpre manifestar que non hai diferencias importantes cos do resto da bisbarra chairega, agás o detalle de que nos símbolos da paixón, que se presentan no fuste de varios deles, non figura a lanza.

2. CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DE A PASTORIZA. TÁBOA EXPLICATIVA.

<i>MUNICIPIO DA PASTORIZA</i>			
CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES			
PARROQUIAS	CRUCEIROS	CRISTOS	CRUCES
AGUARDA	1		
ÁLVARE			1
BALTAR			1
BRETOÑA	2	7	1
CADAVEDO	1	3	
CORVELLE	1	1	3
CRECENTE			
FOMIÑÁ	1		
GUEIMONDE			
LAGOA	2	6	2
LOBOSO		1	
A PASTORIZA	1		1
PIÑEIRO			
POUSADA	4	1	1
SALDANXE			
SANTIAGO DE REIGOSA	2	2	
S. VICENTE DE REIGOSA. A REGUEIRA	5	2	
ÚBEDA		3	
VIÁN	3	2	1

3. MAPA DE LOCALIZACIÓN DOS CRISTOS E CRUCEIROS DE A PASTORIZA.

CONCELLO DA PASTORIZA



SIMBOLOXÍA

▼ CRISTOS

+ CRUCEIROS

LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS


1 CADAVEDO	11 AGUARDA
2 LAGOA	12 ÁLVARE
3 BRETOÑA	13 SALDANXE
4 ÚBEDA	14 GUEIMONDE
5 LOBOSO	15 CRECENTE
6 VIÁN	16 BALTAR
7 A PASTORIZA	17 PIÑEIRO
8 REIGOSA (S. VICENTE) - A REGUEIRA	18 POUSADA
9 REIGOSA (SANTIAGO)	19 FOMIÑÁ
10 CORVELLE	

4. CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DE A PASTORIZA DESAPARECIDOS.

MUNICIPIO DA PASTORIZA CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DESAPARECIDOS			
PARROQUIAS	CRUCEIROS	CRISTOS	CRUCES
AGUARDA			
ÁLVARE			
BALTAR			1
BRETOÑA			2
CADAVEDO		1	
CORVELLE			5
CRECENTE	1		
FOMIÑÁ			1
GUEIMONDE			
LAGOA		2	
LOBOSO			1
A PASTORIZA			
PIÑEIRO			
POUSADA	1		
SALDANXE			1
SANTIAGO DE REIGOSA			
S. VICENTE DE REIGOSA. A REGUEIRA	1	1	1
ÚBEDA			
VIÁN			

5. MAPA DE LOCALIZACIÓN DOS CRISTOS, CRUCEIROS E CRUCES DE A PASTORIZA DESAPARECIDOS.

CONCELLO DA PASTORIZA CRISTOS, CRUCEIROS E CRUCES DESAPARECIDOS



SIMBOLOXÍA

▽ CRISTOS

+ CRUCEIROS

● CRUCES

LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

1 CADAVEDO	11 AGUARDA
2 LAGOA	12 ÁLVARE
3 BRETOÑA	13 SILDANXE
4 ÚBEDA	14 GUEIMONDE
5 LOBOSO	15 CRECENTE
6 VIÁN	16 BALTAR
7 A PASTORIZA	17 PIÑEIRO
8 REIGOSA (S. VICENTE) - A REGUEIRA	18 POUSADA
9 REIGOSA (SANTIAGO)	19 FOMIÑÁ
10 CORVELLE	

III. ROTEIRO SOBRE ALGÚNS CRUCEIROS E CRISTOS DE A PASTORIZA.

1. INTRODUCCIÓN.

Coa finalidade de proporcionar unha visión o máis obxectiva posible a unha das manifestacións artísticas máis relevantes do patrimonio etnográfico relixioso da Chaira, como é a dos cruceiros, o grupo Carboeira ⁷ levou a cabo en diferentes anos roteiros sobre a devandita manifestación. No ano 2012 ⁸ o etnógrafo Mario Saavedra Pérez organizou o roteiro sobre A Pastoriza, ao que asistiron unhas trinta e cinco persoas, que foron acompañadas polos etnógrafos do grupo Carboeira, que lles fixeron chegar as distintas peculiaridades dos cruceiros e cristos visitados.

Neste roteiro colaboraron a Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza. O desenvolvemento do roteiro foi realizado nun autocar e, tamén, a pé nalgúns tramos do seu percorrido.

2. ANÁLISE DOS CRUCEIROS E CRISTOS VISITADOS.

2.1. CRUCEIRO DE FOMIÑÁ.

LUGAR. FONTE DE FOMIÑA PARROQUIA. FOMIÑÁ

Este cruceiro é de propiedade pública. Está emprazado nun xardín público ao carón da estrada LU-122. Foi realizado polo escultor Manuel Mallo e, colocouse na súa actual ubicación a finais da década dos oitenta do pasado século. Posúe unha orientación Nw – Se. **(FOTO 1)**

COORDENADAS U.T.M. X: 636.540 Y: 4.787.310

Dende unha óptica artística, está composto dunha serie de elementos claramente diferenciados e colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma formada por un chanzo de cemento, que serve de apoio a unha base monolítica, de forma cúbica, cunha moldura cóncava en caveto ou nacela invertida nas

⁷⁷ Este grupo está integrado polos etnógrafos Fernando Arribas Arias, José Manuel Blanco Prado e Mario Saavedra Pérez.

⁸ 22 de Setembro.

arestas superiores e rebaixe acanalado nas súas caras. Logo, un fuste monolítico de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. A continuación, un capitel de forma troncopiramidal, ornamentado con follas de acanto baixo o ábaco e unha pequena moldura convexa na parte inferior. Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular mais coas arestas rebaixadas; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O seu anverso, baixo unha cartela na que pode lerse **INRI**, presenta unha efixie de Cristo cos seguintes trazos: a cabeza, sen coroa de espiñas, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos, formando un lixeiro V ao longo da cruz e as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre un supedáneo. O seu reverso, mostra unha imaxe mariana co Neno sobre unha peaña.

2.2. CRUCEIRO DE VILAGROMAR.

LUGAR VILAGROMAR PARROQUIA. POUSADA.

Esta manifestación popular, de dominio privado, está colocada nun cruzamento de camiños. Pertence a “Casa de Federico de Barreiro”. A súa orientación é Sw – Ne.

COORDENADAS U.T.M. X: 635.850 Y: 4.787.260

No seu conxunto cómpre facer alusión ás seguintes partes nunha orde ascendente: **(FOTO 2)**

Unha plataforma, formada por tres chanzos de cachotería; esta serve de soporte a unha base monolítica con dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal. A base prolongase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaixadas no resto. Na cara Sw., están esculpidos en relevo os instrumentos da paixón; a súa disposición nunha orde descendente é a seguinte: tres cravos, unha espada, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de oito banzos. Na parte superior das súas catro caras hai un rebaixe cuadrangular, que amosa o relevo dun rombo cun roel no centro e dous franqueando os vértices superior e inferior. O fuste serve de soporte a un capitel de forma troncopiramidal invertida mais coas arestas un pouco curvadas; está decorado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas súas caras; ademais, mostra unha sucesión de merlóns na parte inferior. O cruceiro remata

nunha cruz latina, de sección cuadrangular, mais coas arestas rebaixasadas; así mesmo amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e no extremo da cabeceira. O seu anverso, baixo unha cartela, presenta unha imaxe cristolóxica coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as súas mans aparecen abertas; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O cruceiro mostra restos de policromía de cor ocre no capitel.

2.3. CRUCEIRO DE CARBALLO.

LUGAR. TUCHE PARROQUIA. SANTIAGO DE REIGOSA

Esta manifestación relixiosa, de propiedade privada, está situada ao carón da “Casa de Jacinto de Castelo” e preto dun cruzamento de camiños. Actualmente, pertence a “Casa de Carballo”. Ten unha orientación Se – Nw.

COORDENADAS U.T.M. X: 631.910 Y: 4.783.700.

A nivel artístico, consta dunha serie de elementos claramente diferenciados e dispostos nunha orde ascendente da seguinte maneira: **(FOTO 3)**

Unha plataforma, formada por tres chanzos de cachotería recubertos de cemento. Esta serve de sostén a unha base monolítica na que apreciamos dúas partes: a inferior, de forma paralelepípeda; e a superior, troncopiramidal coas arestas superiores redondeadas. Na cara Norte lese o seguinte epígrafe: / **“ES PROPIED / DE FRANCISCO NI / ETO LEDO / AÑO D 1907”** /. Na cara Oeste (W) lese a seguinte inscrición: / **“YLMO SR / OBISPO DE MON / DOÑEDO CONCE / DIO 40 DIAS DE YN / DULGENCIA.../**. Por riba da base érguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. A cara Oeste (W) está enfeitada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada, e unha escaleira de nove banzos. Na parte superior das caras hai un rebaixe cuadrangular cos dous rombos concéntricos e dous roeis franqueando os vértices superior e inferior das caras Oeste e Leste, e aspas nas caras Norte e Sur. O fuste serve de apoio a un capitel de forma troncopiramidal invertida, ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas súas caras. Como remate, unha cruz latina, de sección

cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso da cruz mostra, baixo unha cartela anepigráfica, unha efíxie cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos, formando un lixeiro V, ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. A efíxie de Cristo está franqueada por dúas pequenas imaxes que amosan as súas mans cruzadas sobre o ventre. O reverso, presenta unha imaxe mariana da Piedade, na que a Virxe sedente nun disco ovalado e vestida cunha túnica e manto, mantén no seu colo o corpo inerte do seu fillo, que flexiona as súas pernas formando un ángulo recto.

Este cruceiro conserva restos de policromía de cor azul, negro e vermello no fuste; ocre no capitel; e vermello no Cristo e no santiño. A comezos dos anos noventa do século pasado, a plataforma foi restaurada por Jacinto Legaspi Ramos. **(FOTO 4)**

2.4. CRISTO DE ANDRÉS.

LUGAR. TUCHE PARROQUIA. SANTIAGO DE REIGOSA

Esta manifestación popular, de índole relixiosa, é propiedade da “Casa de Anuncia” ⁹. Está colocada por riba do valado, que pecha a devandita casa e a beira do viario, que vai ao “Campo do Oso”. A súa orientación é W – Leste.

COORDENADAS U.T.M. X: 631.850 Y: 4.793.450.

Dende unha perspectiva artística, está formada por unha serie de partes distintas, dispostas nunha orde ascendente do seguinte xeito: **(FOTO 5)**

Unha base monolítica, tendente á troncopiramidalidade, que está rachada na parte inferior dunha das arestas. Serve de soporte a unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas rebaixadas no resto; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso mostra en relevo unha imaxe cristolóxica coas seguintes peculiaridades: a cabeza, sen coroa de espiñas, está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos en forma de V ao longo da

⁹ Antano a “Casa de Anuncia” recibía o nome de “Casa de Andrés”.

cruz e as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan os pés sobre un supedáneo. Por baixo da efixie cristolóxica hai unha fornela, que amosa o relevo dun santiño no seu interior.

2.5. CRUCEIRO DO COUTO.

LUGAR. ESTOA PARROQUIA. A REGUEIRA.

Esta expresión artística, de carácter privado, está situada no interior dunha finca da “Casa do Couto” e ao carón dun viario. Mostra unha orientación Ne – Sw..

COORDENADAS U.T.M. X: 630.490 Y: 4.793.910.

No seu conxunto presenta unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente, están colocados da seguinte maneira: **(FOTO 6)**

Unha plataforma, formada por tres chanzos de cachotería. Esta serve de apoio a unha base monolítica, de forma troncopiramidal mais coas arestas superiores redondeadas. A base alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. A cara Ne., está decorada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos. A parte superior das súas caras amosa un rebaixe cuadrangular, que leva no seu interior o relevo de dous rombos concéntricos cun roel no centro e dous franqueando os vértices superior e inferior. O fuste serve de soporte a un capitel de forma troncopiramidal invertida, ornamentado con volutas nos seus vértices superiores e cabezas de anxos nas súas caras. O cumo do cruceiro remata nunha cruz latina de sección cuadrangular nos seus extremos mais coas arestas biseladas no resto; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso da cruz mostra, baixo unha cartela anepigráfica, unha imaxe cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz en forma de V pouco acusada mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as súas mans aparecen abertas e o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre una caveira. Na cara Se., e fora do seu emprazamento orixinal hai unha imaxe pequena, vestida cunha túnica e manto. O reverso da cruz, mostra

unha advocación mariana, vestida cunha túnica e manto e coas mans cruzadas sobre a cintura.

2.6. CRISTO DAS ANTIGAS.

LUGAR. A LAMELA (Campo das Camaretas) PARROQUIA. CORVELLE.

Esta manifestación relixiosa, de dominio privado, forma parte da propiedade de José Corral da “Casa de Aloxo”. A súa orientación é Norte – Sur.

COORDENADAS U.T.M. X: 628.500 Y: 4.793.800.

A nivel artístico, está constituído nunha orde ascendente polas seguintes partes: **(FOTO 7)**

Unha plataforma, formada por un chanzo e un plinto de cachotería; esta serve de sostén a unha base monolítica, de forma troncopiramidal. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. O fuste serve de soporte a un capitel reducido, de tendencia paralelepípeda. Na cara Norte, onde se encontra a efixie cristolóxica, hai un pinxante, baixo o capitel. Finalmente, o conxunto remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto; ademais, mostra unha cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso, baixo unha cartela anepigráfica, mostra unha talla de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos, en forma de V pouco acusada ao longo da cruz e as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo.

O plinto esta deteriorado na parte superior, así como a talla de Cristo. O fuste, o capitel e a cruz son dunha soa peza. Ademais, este Cristo é moi semellante aos de Romero; Amorás; Cervelo; Xan Paz; Alto das Fontelas; Arandal; Centro de Saúde...

2.7. CRUCEIRO DE PIRIS.

LUGAR. VOZARREI PARROQUIA. LAGOA.

Esta expresión relixiosa, de dominio privado, está situada ao carón do viario que conduce ao Santuario do San Cosme de Galgao (Abadín). Pertence a varias familias do barrio de Vozarrei, a saber, Celso Franco López, Ricardo Franco e Belarmino Franco Cornide, descendentes dos cregos da “Casa de Piris” de Corbelle. Posúe unha orientación Sw -Ne.

COORDENADAS U.T.M. X: 626.340 Y: 4.799.130

No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos que, nunha orde ascendente, están dispostos do seguinte xeito:

Unha plataforma, formada por tres chanzos de cachotería, que posibilita que o cruceiro se incline dunha maneira perigosa debido a situación na que se encontra. Esta serve de soporte a unha base monolítica con dous tramos: o inferior, paralelepípedo; e o superior, cunha moldura en caveto ou nacela invertida, e os bordos superiores redondeados; a base remata nun pequeno filete. Na base lense os seguintes epígrafes: **(FOTO 8)**

Cara Sw: **“EL OBISPO DE MONDOÑEDO CONCEDE 40 DÍAS DE INDULGENCIA AL QUE RECE UN PADRENUESTRO”**

Cara Nw: **“ANO: 1898”**

Por riba da base, o cruceiro prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavado no resto. A cara Sw., está ornamentada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de once banzos. A parte superior das súas caras están ornadas cunha “swástica”. O fuste actúa de apoio a un capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado con volutas nos vértices superiores das arestas e cabezas de anxos nas súas caras. Como remate, unha cruz latina de sección cuadrangular nos extremos do brazo horizontal e oitavado no resto; así mesmo, mostra un tipo de cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e da cabeceira. O anverso, baixo unha cartela anepigráfica, mostra unha imaxe cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os brazos están estendidos, formando unha V pouco acusada ao longo da cruz, mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. Dúas tallas pequenas, posiblemente de San Xoán e da Virxe, franquean a imaxe de Cristo. O reverso, mostra unha advocación mariana da Piedade, vestida cunha túnica e manto, e sentada sobre un trono formado por dous discos ovalados. A Piedade mostra no seu colo

o corpo inerte de Xesús a quen lle colle o brazo dereito coa súa man destra; ademais, a cabeza de Cristo está caída para atrás e o seu brazo esquerdo cae sobre a túnica.

Algúns devotos, que pasaban por ese lugar, que conduce ao Santuario do San Cosme, adoitaban deixar algunhas moedas neste cruceiro.

2.8. CRUCEIRO DA IGREXA DE VIÁN.

LUGAR. OS FERREIROS PARROQUIA. VIÁN.

Esta manifestación popular, de dominio público, está emprazada no adro da igrexa parroquial. Ten unha orientación Sw – Ne.

COORDENADAS U.T.M. X: 631.850 Y: 4.797.020.

Dende unha óptica artística distinguimos unha serie de partes diferenciadas, colocadas nunha orde ascendente da seguinte maneira: **(FOTO 9)**

Unha plataforma, formada por tres chanzos de cachotería, que actúa como sostén dunha base monolítica, que mostra un primeiro tramo, de forma paralelepípeda; e un segundo, troncopiramidal cos bordos superiores redondeados. Na cara Nw., lese a seguinte lenda:

/" ANO DE 1895 SE / HIZO ESTA OBRA / POR JOSE RIBAS / BAZQUEZ DE VIÁN"/

Sobre a base érguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara Sur., está ornada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos. Na parte superior das catro caras hai un rebaixe circular, que leva inscrito unha roseta de seis follas. O fuste úsase como sostén dun capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado con volutas nos vértices superiores das arestas e cabezas de anxos nas súas caras; este amosaba algunha voluta deteriorada e outras desaparecidas. O cumo do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos seus extremos mais coas áreas oitavadas no resto; ademais, mostra unha cruz de tipo florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso presenta, baixo unha cartela anepigráfica, unha talla cristolóxica coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os brazos están estendidos, formando un lixeiro V, ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas,

amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O reverso mostra unha imaxe mariana coas mans cruzadas sobre a cintura e vestida cunha túnica e manto.

Ata comezos da década dos noventa, este cruceiro estivo no antigo cemiterio, situado no barrio de Bouzas, preto da desaparecida “capela da Trindade”. Denantes, era coñecido como “cruceiro do Porto”.

2.9. CRUCEIRO DO CAXIGO.

LUGAR. FERREIROS PARROQUIA: VIÁN.

Esta expresión artística, de carácter privado, está situada preto dun cruzamento de camiños e da igrexa parroquial. Pertencía a “Casa de Pedreira”. A súa orientación é Nw – Se.

COORDENADAS U.T.M. X: 631.850 Y: 4.796.960

Dende unha perspectiva artística componse dunha serie de elementos claramente diferenciados e dispostos nunha orde ascendente da seguinte maneira:

Unha plataforma, formada pola roda dun muíño, sobre a que se levanta unha base monolítica de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal cos bordos superiores redondeados. Na cara Nw., lese o seguinte epígrafe: **(FOTO 10)**

**“EL ILMO SR O / BISPO DE MONDOÑE /DO CONCEDIO 40 / DIAS D
INDULGEN / CIA POR REZAR EL...”/**

A base alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto. A cara Nw., está decorada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos. Na parte superior das súas catro caras hai un rebaixe cuadrangular, no que hai inscrito dous rombos concéntricos e dous roeis franqueando os vértices superior e inferior nas súas caras Nw., e Se., e aspas nas outras caras. O fuste serve de soporte a un capitel, de forma troncopiramidal invertida, ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas súas caras. Como remate, unha cruz latina de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso, baixo

unha cartela anepigráfica, mostra unha imaxe cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos, formando un lixeiro V, ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoadado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. A efixie de Cristo está franqueada por dúas pequenas imaxes, decapitadas, que posiblemente representasen a San Xoán e a Virxe.

Trátase dun cruceiro, que estaba parcialmente pintado de cor azul –acto vandálico– ao que lle falta dende comezos deste século –febreiro 2001– a cruz. Non obstante, había a intención de volvela colocar unha vez restaurada.

Este cruceiro inicialmente foi colocado, a finais da década dos oitenta do século pasado, ao carón da Cooperativa do Caxigo e, logo –anos 1995-96– no seu actual emprazamento.

2.10. CRUCEIRO DO VENANCIÑO.

LUGAR. BOUZA PARROQUIA. VIÁN.

Esta manifestación relixiosa, de dominio privado, está colocada no interior da propiedade da “Casa de Venanciño”. Mostra unha orientación W – Leste.

COORDENADAS U.T.M. X: 631.500 Y: 4.497.300.

A nivel artístico, componse dunha serie de partes claramente diferenciadas, que nunha orde ascendente, están dispostas do seguinte xeito: **(FOTO 11)**

Unha plataforma, formada por dous chanzos de granito cos bordos superiores saíntes e redondeados. Esta serve de soporte a unha base monolítica, que mostra dous elementos: o inferior, paralelepípedo; e o superior, troncopiramidal, rematando nunha moldura convexa. Na cara W., pode lerse a seguinte inscrición: **“VIM. Y SMS / 23 4 1977”**/. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara W., está ornamentada por unha hostia e un cáliz, e a continuación polos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha escaleira de nove banzos e unha espada. Na parte superior das catro caras hai un rebaixe cuadrangular cun rombo inscrito. O fuste actúa de sostén dun capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado con volutas nos vértices superiores das arestas e

cabezas de anxos nas súas caras. Como remate, unha cruz latina de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto; así mesmo, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso, baixo unha cartela na que pode lerse “**INRI**”, amosa unha talla de Cristo que presenta as seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os brazos están estendidos, formando un lixeiro V, ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, mostran o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre un supedáneo. A imaxe cristolóxica está franqueada por dúas imaxes pequenas, vestidas cun manto. O reverso, mostra unha advocación mariana de pé co Neno deitado nos seus brazos e franqueada por dúas imaxes pequenas –santiños?–.

O acrónimo VIM corresponde a Venancio Iglesias Morelle e o SMS a súa dona Sagrario Mazoy Silva, persoas que mandaron construír o cruceiro co gallo da súa voda. Este cruceiro foi construído por un canteiro da parroquia de Román (Vilalba), nomeado Cesar, na data que figura no epigrafe.

2.11. CRUCEIRO DE GUTIÉRREZ

LUGAR. CASTRO PARROQUIA. A PASTORIZA.

Esta manifestación popular, de dominio privado, está colocada diante do “Bar O Cruceiro” (A Pastoriza). Pertence a “Casa de Gutiérrez”. Posúe unha orientación Norte – Sur.

COORDENADAS U.T.M. X: 633.750 Y: 4.795.720.

Dende unha óptica artística este cruceiro presenta unha serie de partes claramente diferentes, que están ordenadas nun sentido ascendente do seguinte xeito: **(FOTO 12)**

Unha plataforma, formada por tres chanzos de cachotería, que serve de sostén a unha base monolítica. Esta amosa dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto; a cara Norte está decorada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: unha espada, un martelo, unhas tenaces, e unha escaleira de oito banzos; ademais, a parte superior das súas catro caras amosa un rebaixe cuadrangular, que presenta no seu interior o relevo dun rombo cun roel inscrito e

dous franqueando os vértices superior e inferior. Sobre o fuste apoiase un capitel de forma troncopiramidal invertida mais coas súas caras con certa convexidade; está ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e cabezas de anxos nas súas caras. O cume do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas achafranadas no resto; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso mostra unha talla cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos, en forma de V, ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as mans aparecen abertas; o seu perizoma está anoadado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre un supedáneo; franquean a imaxe cristolóxica dúas imaxes pequenas nunha actitude orante, que probablemente representan as imaxes do San Xoán e a Virxe. O reverso, mostra unha advocación mariana da Piedade, probablemente doutro cruceiro, debido ao desigual tamaño co Cristo.

Esta expresión artística, que denantes estaba colocada a uns cincuenta metros do seu actual emprazamento, foi restaurada no ano 2000.

2.12. CRUCEIRO DO FIOUCO.

LUGAR. O FIOUCO PARROQUIA. CADAVEDO

Esta manifestación relixiosa forma parte da propiedade da “Casa de Ledo” de Argomoso e a “Casa do Campo” de Cadavedo. Trátase un cruceiro que se encontra acubillado no interior dunha construción cuadrangular cunha cuberta a dúas augas. Amosa unha orientación W-Leste.

COORDENADAS U.T.M. X: 632.410 Y: 4.805.130

O seu conxunto presenta unha serie de elementos artísticos, que nunha disposición ascendente están dispostos do seguinte xeito:

Unha base monolítica, de forma troncopiramidal e cos bordos superiores redondeados. As caras Norte e Sur mostran os seguintes epígrafes: **(FOTO 13)**

Cara Norte: /“**EL AÑO D 1891 SE HI / ZO POR MANUEL DO / CAMPO DE CADABEDO ES / TA OBRA Y POR ANTONIO**” /

Cara Sur: / “QUE RECEN CON DE / BOCION UN PADRENUES / TRO UN CREDO O UN AC / TO DE CONTRICION DELANTE ...”/

A base serve de soporte a un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto; as caras Norte e Sur amosan en relevo as imaxes de San Pedro e San Paulo sen cabeza. Por baixo da imaxe de San Pedro, situado na cara Norte, aparecen esculpidos en relevo os símbolos da paixón, que nunha orde descendente mostran a seguinte disposición: tres cravos, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de oito banzos. No chafrán, na liña das tenaces, hai unha lanza. Na parte superior das caras W., e Leste hai un rebaixe cuadrangular, que amosa no seu interior un rombo cun roel inscrito e dous franqueando os vértices superior e inferior. Sobre o fuste apoiase un capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado con volutas nos vértices superiores das arestas –hoxe rotas e desaparecidas– e cabezas de anxos nas súas caras. O conxunto remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto; ademais, mostra un tipo de cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso da cruz presenta, baixo unha cartela anepigráfica, unha efíxie de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando un lixeiro V, mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. Unha peana ou pedestal serve de apoio a talla cristolóxica.

Este cruceiro conserva restos de policromía de cor azul no fuste e no capitel. Foi construído co gallo da relación existente entre a “Casa de Ledo” de Argomoso e a “Casa do Campo” de Cadavedo. Aos pés do cruceiro hai ofrendas a base de esmolos e candeas.

2.13. CRISTO DA IGREXA DE CADAVEDO.

LUGAR. CASAS NOVAS PARROQUIA. CADAVEDO

Esta mostra da devoción popular, de dominio público, está situado nun cruzamento de camiños, preto da igrexa parroquial. Ten unha orientación Se – Nw.

COORDENADAS U.T.M. X: 631.810 Y: 4.802.170

Dende unha perspectiva artística consta dunha serie de partes distintas, que están ordenadas nunha orde ascendente da seguinte maneira: **(FOTO 14)**

Unha plataforma, formada por un plinto de cachotería, que remata nunha peza granítica cunha moldura en caveto. Esta serve de soporte a unha base monolítica, prismática, de sección octogonal e cos bordos superiores redondeados. Nas caras dianteiras hai un epígrafe no que unicamente pode lerse:

“JOSÉ GARCÍA”/...

Esta base serve de soporte a unha cruz de sección cuadrangular nos seus extremos mais coas arestas achafranadas no resto; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. No anverso, baixo unha cartela na que pode lerse o epígrafe **“INRI”**, hai unha talla cristolóxica coas seguintes peculiaridades: a súa cabeza nunha posición frontal mirando ao fronte; os brazos están estendidos ao longo da cruz, formando un lixeiro V, mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, mostran o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre un supedáneo.

Ata finais da década dos oitenta do século pasado estaba situado na baixada á igrexa parroquial. Foi restaurado polos veciños de Cadavedo. Ademais, conserva restos de policromía de cor azul ao pé da cruz.

2.14. CRUCEIRO DE TEIXEIRO.

LUGAR. AS FONTES PARROQUIA. A REGUEIRA

Esta expresión relixiosa, de índole privada, está situada ao carón do viario que vai de Cañerías ao Castelo. Pertence a “Casa de Teixeiro”, que inicialmente era de Francisca Noguerola. Nela viviu o crego-ecónomo D. Luís, quen mandou construír este cruceiro. A súa orientación é W – Leste. **(FOTO 15)**

COORDENADAS U.T.M. X: 630.650 Y: 4.794.870.

No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están dispostos do seguinte xeito:

Unha plataforma de dous chanzos de cachotería e cemento sobre a que se ergue un plinto cos mesmos materiais, Este serve de sostén a unha base monolítica e granítica de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal coas caras moi oblicuas. Na cara Norte pode lerse o epígrafe: **“1872”**. Nas demais, a inscrición fai alusión **“aos 40 días de indulxencia concedidas polo bispo de Mondoñedo a quen rece diante deste cruceiro o Pai Noso e o Acto de Contrición”**. Por riba da base o cruceiro prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara W. está ornamentada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: dous cravos, unhas tenaces, un martelo e unha escaleira de dez banzos. O fuste actúa como soporte dun capitel con dous tramos: o inferior, que mostra unha moldura nomeada “caveto ou nacela”; e o superior, cun ábaco pronunciado. O cume do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso mostra, baixo unha cartela anepigráfica, unha efíxie cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, e separadas da cruz, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O reverso mostra o relevo dunha custodia. **(FOTO 16)**

2.15. CRISTO DE CERVELO.

LUGAR. SEIXOS PARROQUIA. A REGUEIRA.

Esta manifestación relixiosa, de carácter privado, pertence a “Casa de Paulino de Batarelo”. Está situada por riba dun muro, que separa á unha finca da devandita casa. Mostra unha orientación Sur – Norte.

COORDENADAS U.T.M. A: 630.310 Y: 4.794.550

A nivel artístico, está composta dunha serie de elementos diferenciados e ordenados nunha orde ascendente da seguinte maneira:

Unha plataforma, formada por un plinto de cachotería acaroado a un muro. Esta serve de sostén a unha base granítica e monolítica, que amosa dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal. Da base xorde un fuste

monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. Este serve de soporte a un capitel, de forma paralelepípeda. O conxunto remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto; ademais, mostra unha cruz florenzada nos extremos do brazo horizontal e na cabeceira. O anverso, baixo unha cartela anepigráfica, mostra un relevo cristolóxico coas seguintes peculiaridades: a cabeza inclinada ao lado dereito; os brazos están estendidos, formando un V pouco acusado, ao longo da cruz; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan os dous pés sobre un supedáneo. O fuste, o capitel e a cruz son dunha soa peza.

Este Cristo mandouno construír Antonio Cervelo a finais do século XIX. Antano, estaba emprazado ao carón da “Casa do Cervelo” nunha finca chamada “O Liñeiro”, do barrio da Abelaira. Co gallo da concentración parcelaria (1966-67) foi trasladado á súa actual situación.

Este Cristo garda semellanza con outros de A Pastoriza: os do Romeiro, Amorás, Xan Paz, Alto das Fontelas, Centro de Saúde, Arandal, Foxo e as Antigas.

3. VOCABULARIO ESENCIAL SOBRE OS CRISTOS E CRUCEIROS DO ROTEIRO DE A PASTORIZA.

ACANTO.- Adorno que imita a unha planta perenne, que posúe as flores longas, rizadas e con espiñas. Este adorno é característico do capitel corintio.

ÁNGULO.- Figura formada por dúas liñas, que parten dun mesmo punto.

ANVERSO.- Cara principal de determinados obxectos. Cara principal da cruz.

ARESTA.- Recta formada polo encontro de dous planos.

BANZOS.- Cada un dos pasos dunha escaleira.

BASE.- Apoio sobre o que descansa algunha cousa. Parte inferior dunha columna.

CACHOTERÍA.- Pedras sen labrar, colocadas dun xeito irregular.

CAPITEL.- Parte superior da columna, que coroa o fuste.

CARTELA.- Decoración que enmarca unha inscrición nun pedestal, lápida ou friso.

COLARIÑO.- Moldura anular entre o fuste e o capitel dunha columna.

COLUMNA.- Pé dereito ou piar cilíndrico, normalmente máis alto que ancho, que serve de soporte de cornixas, bóvedas ou como simple adorno; componse de tres partes: base, fuste, e capitel.

CÓNCAVO.- Forma que presenta a superficie curva cara o interior.

CONVEXO.- Estrutura que mostra a superficie curva cara o exterior.

CUADRANGULAR.- De catro ángulos.

CUADRILÁTERO.- Polígono de catro lados.

CÚBICO.- Poliedro regular formado por seis caras cadradas.

CRUZ.- Figura formada por dúas liñas, que se atravesa perpendicularmente, e calquera obxecto ou figura con esa forma. Parte superior do cruceiro, situada por riba do capitel.

ALGÚNS TIPOS DE CRUZ:

1. CRUZ FLORENZADA. A que ten os seus remates abertos de xeito curvilíneo.
2. CRUZ GREGA. A de brazos iguais.
3. CRUZ LANCELOLADA. A que ten os seus remates en forma de ferro de lanza.
4. CRUZ LATINA. A que ten maior o brazo vertical.
5. CRUZ LISA. Cruz desprovista de imaxes.
6. CRUZ TREVOADA. A que ten os seus remates en forma de trevo.

ESTRÍAS.- Marca lineal pouco profunda.

FUSTE.- Parte da columna, situada entre a base e o capitel.

MERLÓN.- Cada un dos dentes en forma de prisma, que coroa un muro ameado..

MOLDURA.- Elemento corrido, que se coloca sobre unha superficie para decorala e que se

clasifica segundo o seu perfil, sendo normalmente de pouca anchura.

- **TIPOS DE MOLDURAS:**

- **FILETE OU LISTEL.-** De sección cadrada ou rectangular.
- **O BOCEL OU TORO.-** Semicírculo convexo; se é moi pequeno chámase baquetón.
- **O CUARTO BOCEL.-** Cuarto de círculo convexo.
- **A MEDIA CANA.-** Semicírculo cóncavo.
- **A ESCOCIA.-** Moldura cóncava, continua, composta de dúas curvas de distinto radio.
- **O CAVETO OU NACELA.-** De cuarto de círculo cóncavo.
- **A GOLA.-** A unión dun caveto e un cuarto bocel, sendo a parte máis saínte o caveto.
- **O TALÓN.-** A unión dun caveto e un cuarto bocel chámase talón, sendo a parte máis saínte o cuarto bocel.

MOLDURADO.- Que presenta molduras.

MONOLÍTICO.- Monumento de pedra dunha soa peza.

OCTOGONAL.- De oito ángulos.

PARALELOGRAMO.- Cuadrilátero cos lados opostos paralelos entre si.

PARALELEPÍPEDO.- Corpo xeométrico limitado por seis paralelogramos, sendo os opostos iguais entre si.

PEAÑA.- Base ou apoio para colocar por riba unha figura.

PIRÁMIDE.- Poliedro de base poligonal e caras laterais triangulares.

POLICROMÍA.- Arte de pintar en varias cores.

POLIEDRO.- Corpo xeométrico limitado por varias caras plana.

POLÍGONO.- Superficie plana limitada por varios lados, que nas súas interseccións forman ángulos.

PRISMA.- Poliedro de dúas caras iguais e paralelas e no que as caras laterais son paralelogramos.

REBAIXADO.- Biselado, cortado no bordo.

RELEVO.- Forma escultórica, que sobresa dunha superficie.

REVERSO.- Cara oposta ao anverso. Cara posterior da cruz.

ROEL.- Peza decorativa redonda en forma de moeda.

SECCIÓN.- Corte ou liña divisoria.

SUPEDÁNEO.- Especie de peaña sobre a que se apoian algunhas efixies.

TRONCOPIRAMIDAL.- Relativo á parte da pirámide, que se obtén facendo un corte por un lado paralelo á base e eliminando o vértice.

VOLUTA.- Adorno en forma de espiral.

IV. BIBLIOGRAFÍA SOBRE OS CRUCEIROS DO ROTEIRO DE A PASTORIZA.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei*. Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 76, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1998.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz*. Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 81, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1999.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade*. Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 87, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2000.

ARRIBAS ARIAS, Fernando, BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA, Mario. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristo e Cruces da Pastoriza*. Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 92, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2002.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel.. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristo e Cruces de Xermade*. Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 94, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2004.

ARRIBAS ARIAS, Fernando, BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA, Mario. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces de Abadín*. Cadernos do Seminario de Sargadelos, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2006.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. *Cruceiros, cristos e cruces de Muras*. Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos, 2009.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. *Cruceiros de Vilalba*. Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos, 2011.

BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. *Cruces y Cruceiros del Municipio de Begonte*. Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1988.

BLANCO PRADO, José Manuel. *Religiosidad popular en el Municipio de Begonte*. Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1990.

CANCIO FERNÁNDEZ, José. Delineante. Autor dos mapas de localización do concello de A Pastoriza.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio. *Os cruceiros*. Santiago: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12, Fundación Caixa Galicia, 2003.

LAREDO VERDEJO, J. M. *Os Nossos Cruceiros*. A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza, 1993.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A. *As cruces de pedra na Galiza*. Madrid: Akal, 1975. Ed. facsímil da que se levou a cabo en B. Aires en 1049.

TRAPERO PARDO, J. “Os cruceiros”, en ***Lucus***, Boletín Informativo da Deputación Provincial de Lugo, nº 27, 1974, páxs. 25-40.

VARIOS (AUTORES). LIBRO. ***A PASTORIZA***. A Pastoriza (Lugo): Ed. Concello de A Pastoriza (Lugo), 2010, 386 páxs.

NOTAS SOBRE O TRABALLO.- As fotos foron realizadas por Fernando Arribas Arias. O traballo foi corrixido polo profesor Xosé M. Felpeto Enríquez. Os mapas de localización foron feitos polo delineante José Cancio Fernández. E o traballo polos xa mencionados etnógrafos.

V. ILUSTRACIÓNS SOBRE O ROTEIRO DE A PASTORIZA.



FOTO 1. CRUCEIRO DE FOMIÑÁ



FOTO 2. CRUCEIRO DE VILAGROMAR (POUSADA)




FOTO 3. CRUCEIRO DE CARBALLO (SANTIAGO DE REIGOSA)



FOTO 4. DETALLE DO CRUCEIRO DE CARBALLO (SANTIAGO DE REIGOSA)



FOTO 5. CRISTO DE ANDRÉS (SANTIAGO DE REIGOSA)



FOTO 6. CRUCEIRO DO COUTO (A REGUEIRA)



FOTO 7. CRISTO DAS ANTIGAS (CORVELLE)



FOTO 8. CRUCEIRO DE PIRIS (LAGOA)



FOTO 9. CRUCEIRO DA IGREXA (VIÁN)



FOTO 10. CRUCEIRO DO CAXIGO (VIÁN)



FOTO 11. CRUCEIRO DE VENANCIÑO (VIÁN)



FOTO 12. CRUCEIRO DE GUTIÉRREZ (A PASTORIZA)



FOTO 13. CRUCEIRO DO FIOUCO (CADAVEDO)



FOTO 14. CRISTO DA IGREXA (CADAVEDO)



FOTO 15. CRUCEIRO DE TEIXEIRO (A REGUEIRA)



FOTO 16. CRUCEIRO DE TEIXEIRO (A REGUEIRA). REVERSO.